

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE XUÑO DE 2025, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Ribadumia para a execución do proxecto de construción de edificio para novos servizos do campo de fútbol da Bouza e pavillón polideportivo, e a humanización do espazo público anexo, en Barrantes, concello de Ribadumia, por un importe total dun millón oitenta e seis mil cincocentos vinte e tres euros con setenta e dous céntimos (1.086.523,72€).
- Acordo polo que se autoriza a Axencia de Turismo de Galicia a eximir da obriga de constituír garantía á entidade colaboradora que resulte seleccionada ao abeiro da Resolución pola que se convoca o procedemento de concorrência para a selección dunha entidade colaboradora para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa #DescubreGaliciaenOutono a través dos bonos turísticos.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras para a recuperación e posta en valor do sanatorio de Paraxón para a implantación de albergue turístico, por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€).

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Acordo polo que se toma razón da consulta pública previa do anteproxecto de decreto que regulará o procedemento integrado para a obtención de títulos de intervención no litoral de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Igualdade a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao establecido nas normas de subvencións de Galicia, na Orde de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades, xestionado por esta consellería. Importe total: trinta e tres millóns douscentos oitenta e un mil setecentos cincuenta euros con cincuenta céntimos (33.281.750,50€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se toma razón das actuacións que se desenvolverá en materia de seguridade industrial en 2025.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se toma razón da distribución do pagamento relativo á liquidación do Fondo de Cooperación Local do ano 2023.
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación dos servizos de asesoramento a pemes para a reactivación tecnolóxica dixital avanzada e mentalidade innovadora, na súa vertente tecnolóxico-dixital, que lles permitan adaptarse ao novo contexto económico, cofinanciado pola Unión Europea nun 60 % con cargo ao programa Galicia Feder 2021-2027, por un orzamento de licitación (IVE incluído), de dous millóns cincocentos corenta e seis mil oitenta e dous euros (2.546.082,00 €) e un valor estimado de cinco millóns cincuenta mil oitenta euros (5.050.080,00€).

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se toma razón da licitación pola Sociedade de Vivenda Publica de Galicia, S.A., do contrato de redacción do proxecto básico e de execución e dirección de obra para a construción de 53 vivendas de promoción pública (VPP), garaxes e rochos, na parcela denominada P7 da UA 7, sita na rúa Ernestina Otero (Tafisa) (Pontevedra), por un importe de licitación de catrocentos setenta mil cento oitenta e sete euros con vinte dous céntimos (470.187,22€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Vedra para a substitución de cuberta na Nave da Estación, Espazo Escénico e Musical, por importe de douscentos catro mil oitocentos cincuenta e nove euros con vinte e sete céntimos de euros (204.859,27€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Porto do Son para realizar as obras de mellora da eficiencia enerxética da Casa de Cultura de Porto do Son, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Mos para a rehabilitación da antiga Casa Reitoral de Petelos, fase 3, actuación 1: muros, por importe total de douscentos mil euros (200.000,00€).

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, no Convenio de colaboración coa Asociación do Foro pola Economía Social Galega para a visibilización e fomento da economía social galega durante o ano 2025, por un importe total de sesenta mil euros (60.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia e a Fundación Laboral da Construción de Galicia para o desenvolvemento do proxecto Benseguro, por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a exención da obriga de presentación de garantías e a realización de pagamentos á conta e anticipos por importe conxunto de ata o 100 %, nas subvencións que se concedan ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas, en réxime de concorrência competitiva, a proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025.
- Acordo polo que toma razón do proxecto de investigación do Centro de Cultivos Mariños de Ribadeo para a restauración dos bancos naturais de ostra plana na enseada de San Simón.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Informe sobre o inicio da tramitación do anteproxecto de decreto polo que establece a ordenación xeral da formación profesional do Sistema educativo de Galicia.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a aprobación provisional e próxima información pública do proxecto: actualización do proxecto Primeira fase da prolongación da autovía da Costa da Morte, treito: Santa Irena-AC-432, por un importe de licitación de trinta e seis millóns catrocentos dez mil cincocentos sesenta e sete euros con dezaioito céntimos (36.410.567,18 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre oferta 2025/2026 de prazas de formación sanitaria especializada en Galicia.
- Informe sobre a oferta de emprego público 2025 do Servizo Galego de Saúde.
- Informe sobre a estratexia de reforzo da ciberseguridade no Servizo Galego de Saúde.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as axudas á conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión nos viñedos da Ribeira Sacra 2025.
- Informe sobre as axudas a proxectos de investimento en actividades empresariais non agrícolas 2025.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA RENOVA AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE BARRANTES PARA POTENCIAR A OFERTA TURÍSTICA DE RIBADUMIA

O proxecto inclúe a construción dun edificio para novos servizos do campo de fútbol da Bouza e do pavillón polideportivo, así como a humanización do espazo público anexo

O Consello da Xunta autorizou este luns a sinatura do convenio de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Ribadumia, a través do que se construírá un edificio para novos servizos do campo de fútbol e do pavillón polideportivo da parroquia de Barrantes, ao tempo que se acometerá a mellora do espazo situado na súa contorna. O proxecto ten un custo de 1,086M€, dos que a Administración sufragará arredor do 35 %.

En concreto, o convenio prevé a construción dun edificio de dous andares para resolver o acceso ao campo de fútbol da Bouza, así como dotalo de novos vestiarios e servizos para pavillón polideportivo. Tamén se inclúe a humanización do espazo público existente entre o centro público integrado Julia Becerra Malvar e os devanditos pavillón e campo de fútbol, de tal modo que se transforme nun parque urbano e sexa espazo vertebrador das comunicacións entre os centros escolares e deportivos. Actualmente, esta zona serve como lugar de espaxamento e comunicación con outros servizos municipais, ximnasio e comedor escolar.

Esta actuación quere potenciar un inmovible do concello, poñendo en valor a infraestrutura tamén para uso turístico e favorecendo o aproveitamento das instalacións e da contorna por parte tanto da veciñanza como de visitantes.

O acordo estrutúrase a través de Turismo de Galicia, xa que a Axencia recolle na Estratexia de turismo de Galicia 2030 a posta en valor de actividades en contornas naturais, contando entre as súas propostas de acción co acondicionamento de áreas lúdicas e de instalacións deportivas, con especial incidencia en áreas rurais en que o turismo activo e deportivo supón unha oportunidade para diversificar a oferta. Recóllese ademais a necesidade de mellorar os investimentos en turismo rural para, entre outros obxectivos, xerar infraestruturas que melloren a experiencia turística, abundando na creación dunha oferta complementaria, cultural e de lecer que faga estas zonas aínda máis atractivas.

Así mesmo, a mellora nas infraestruturas deportivas nos destinos que acollen eventos deportivos beneficia tanto os turistas como os residentes locais, favorecendo o tipo de turismo vinculado a eventos deportivos e a práctica de actividades físicas que promovan a saúde e o benestar da cidadanía.

Mediante o convenio aprobado polo Consello da Xunta, Turismo de Galicia colaborará no financiamento do proxecto mediante unha subvención que cubre o 35 % do seu custo total. En concreto, o orzamento estimado para as actuacións previstas ascende a 1.086.523,72€. O acordo estará vixente desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LANZA EN XULLO UNHA NOVA CONVOCATORIA DE BONOS TURÍSTICOS PARA MOBILIZAR ESTE OUTONO 2,5 M€ NO SECTOR

- O presidente destaca que van habilitarse máis de 16.000 cofinanciados pola Administración autonómica que se poderán descargar previsiblemente a mediados do mes que vén para viaxar entre setembro e decembro
- Sinala que desde a súa posta en marcha, no ano 2020, mobilizáronse máis de 16,5M€ no sector turístico galego coa posta en circulación de máis de 63.000 bonos

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego lanzará en xullo unha nova convocatoria de bonos turísticos para mobilizar este outono 2,5 M€ no sector e incentivar a desestacionalización dentro de Galicia mediante o cofinanciamento de estadias e actividades.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe ao proxecto de acordo a través do cal se seleccionará unha entidade colaboradora para a nova edición do programa #DescubreGaliciaenOutono de bonos turísticos, que se encargará de xestionar a entrega e distribución dos fondos.

Así, segundo apuntou o titular do Goberno autonómico, mobilizaranse máis de 16.000 bonos que estarán dispoñibles en formato código QR. Cada persoa poderá acceder a un máximo de dous bonos, que serán cada un dun importe de 150€, cofinanciados nun 40 % pola Xunta de Galicia e nun 60 % polas persoas solicitantes. Estas últimas deberán, por tanto, aboar 90€ por cada bono, 180€ no caso de que accedan aos dous máximos, que lles facilitarán ata 300€ para gozar dunha estadia o vindeiro outono nalgún dos establecementos participantes no programa.

En total, a Xunta investirá este ano 1 M€, a través dos cales se espera mobilizar ata 2,5 M€ no sector “durante o vindeiro outono”.

O presidente sinalou que a publicación da convocatoria no DOG será previsiblemente en xullo, mes en que se poderán adherir os establecementos interesados en participar no programa. Poderán apuntarse aqueles establecementos de aloxamento da comunidade autónoma e axencias de viaxes que teñan un centro de traballo en Galicia e desenvolvan as súas actividades dentro do sector turístico vinculado á comunidade. Deberán estar dados de alta no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas (REAT) no momento da publicación da convocatoria.

Posteriormente, tamén durante ese mesmo mes, abrirase o prazo para que o público en xeral poida descargar os bonos, que se concederán polo procedemento de concorrencia non competitiva.

Para as persoas interesadas en conseguir algún dos bonos turísticos, estes estarán dispoñibles na web www.bonoturismo.gal, tras da publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG). O período de desfrute dos bonos será desde mediados de setembro ata o Nadal.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O programa está dirixido a persoas maiores de idade residentes en Galicia, que deberán encher un sinxelo formulario para acceder á descarga.

Desestacionalización e promoción do turismo interno

Tal e como lembrou o titular do Goberno galego, os bonos turísticos xurdiron no contexto da pandemia da COVID-19, co obxectivo de "estimular un turismo que tiña que volver a revitalizarse". Desde entón, a iniciativa evolucionou ata consolidarse como un referente na promoción do turismo fóra da temporada alta, que fomenta ademais o sector turístico e as viaxes dentro da propia comunidade.

Rueda lembrou que durante estes cinco anos (2020-2024), puxéronse en circulación máis de 63.000 bonos turísticos e mobilizáronse máis de 16,5M€ no sector turístico galego. Deles, 2,5 M€ mobilizáronse só en 2024 cando tamén participaron máis de 400 establecementos de toda Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETARÁ A REHABILITACIÓN DO SANATORIO DE PARAXÓN PARA O SEU APROVEITAMENTO TURÍSTICO

A actuación, que implica a transformación da planta baixa para usos de aloxamento, será cofinanciada a través dun convenio con Turismo de Galicia

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura do convenio entre Turismo de Galicia e o concello de Oza-Cesuras, a través do cal se recuperará parte do sanatorio de Paraxón como albergue turístico. En concreto, abordarase a rehabilitación da planta baixa do inmoble para acomodar o novo establecemento.

O sanatorio de Paraxón, inmoble de estilo modernista incluído no catálogo de elementos do patrimonio cultural do Plan básico autonómico de Galicia, foi proxectado entre os anos 1922 e 1924 polo arquitecto Antonio González Villar. O obxectivo era converterse nun centro de tratamento da tuberculose; por iso se elixiu unha localización no medio da natureza e nunha contorna elevada, no que hoxe é a reserva da biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Mais o proxecto nunca chegou a completarse.

Agora, con esta actuación quérese dar unha nova vida ao edificio, de tal modo que se configure como parada obrigada para peregrinos, turistas, visitantes e veciñanza. Para iso, intervírase na planta baixa da edificación co obxecto de introducir aquí o uso de albergue. Esta planta é a única en que se pode realizar a distribución precisa para o aloxamento. Este andar comunicarase co resto do edificio mediante estruturas xa existentes ou con novas construcións, para as cales se buscará realizar a mínima intervención posible na cuberta.

A planta alta do conxunto principal destínase integramente como uso turístico de visita e será obxecto dunha futura actuación, polo que só será accesible a planta baixa da edificación, que está totalmente independizada e conta con entradas accesibles. Tamén se actuará no perímetro do inmoble para crear distintos accesos e adecuar o deseño no exterior. O proxecto busca potenciar o valor formal da construción e introducir o ben patrimonial e a súa contorna, dándoo a coñecer a un potencial público.

Segundo o acordo do Consello da Xunta, Turismo de Galicia colaborará nestas actuacións mediante unha subvención ao Concello de Oza-Cesuras que cubrirá parte do orzamento do proxecto, estimado en 518.299,28€. A achega da Xunta ascende a 250.000€.

O actual convenio dá continuidade á primeira fase de recuperación do sanatorio, obxecto doutro acordo de colaboración entre Turismo de Galicia e o Concello de Oza-Cesuras, por máis de medio millón de euros. No marco desta actuación, rehabilitouse a súa envolvente exterior, cuberta e carpintarías e executouse a súa estrutura interior, así como as escaleiras recta e de caracol de comunicación no interior.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA A REGULACIÓN DUN PROCEDEMENTO INTEGRADO QUE SIMPLIFICARÁ E AXILIZARÁ OS TRÁMITES PARA OBTEN PERMISOS RELACIONADOS COS USOS DO LITORAL

- A Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático someterá a consulta pública previa durante un mes o anteproxecto de decreto polo que se regulará este novo sistema de tramitación, que será ademais 100 % dixital e cun único interlocutor
- O obxectivo é garantir que todas as persoas, entidades e empresas interesadas poidan conseguir os títulos necesarios para ter instalacións ou realizar actividades na costa de forma sinxela, en moito menos tempo e con plena seguridade xurídica
- Trátase dunha das novidades introducidas pola Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia, que aborda a regulación da franxa costeira e dos seus diferentes aproveitamentos e usos desde un enfoque integrador e coordinado
- O Goberno autonómico encargárase de outorgar as concesións e autorizacións en dominio público marítimo-terrestre desde o 1 de xullo, data en que será efectivo o traspaso a Galicia das funcións e servizos en materia de ordenación e xestión litoral

A Xunta de Galicia traballa xa na regulación normativa dun novo procedemento integrado e único que permitirá simplificar e axilizar substancialmente a tramitación dos diferentes permisos e autorizacións necesarios para poder promover calquera tipo de uso, actividade ou intervención no litoral galego.

Como primeiro paso, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático someterá a consulta pública previa o anteproxecto de decreto en que se regulará o futuro sistema de tramitación unificado. Deste xeito e tras o acordo de que tomou razón hoxe o Consello da Xunta, abrírase un prazo dun mes, contado desde a súa publicación no portal de transparencia, para recompilar posibles suxestións ou achegas por parte da cidadanía, que se terán en conta despois durante a elaboración do documento.

Grazas a este novo procedemento integrado, que será totalmente dixital e garantirá un único interlocutor ao administrado para simplificar a tramitación, permitirase que todas aquelas persoas, entidades ou empresas interesadas nalgún dos títulos de intervención exixidos para poder levar a cabo os usos e as actividades compatibles cos obxectivos de ordenación e protección da costa poidan conseguilo dunha forma directa e sinxela, nun prazo de tempo moito menor que na actualidade e, á vez, con plena seguridade xurídica.

Neste sentido, cómpre subliñar que, para a simplificación administrativa, un dos principais cambios será ofrecer á cidadanía unha xanela única de tramitación e un só interlocutor para os seus trámites coa Administración. Isto suporá un avance substancial xa que ata o de agora para poder obter un destes títulos había que acudir a diferentes organismos e iniciar varios procedementos aínda que todos tiveran o mesmo fin.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta integración e unificación tamén repercutirá no propio ritmo de tramitación, acurtando sensiblemente os prazos habituais para a obtención da autorización que corresponda e garantindo maior axilidade e eficiencia.

A aposta da Xunta por este procedemento único e integrado para tramitar as autorizacións na costa é unha das principais novidades introducidas na Lei de ordenación de xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), unha norma que aborda a regulación da franxa costeira e dos seus diferentes aproveitamentos e usos desde un enfoque integrador e coordinado, que busca deixar atrás a visión sectorializada do litoral.

Precisamente, ese obxectivo de acadar unha xestión integrada real da franxa costeira é o que exige da regulación dun procedemento administrativo unificado que distinga entre os espazos, os suxeitos e as diferentes actividades que se desenvolven nesta parte do territorio, pero sen esquecer que o litoral é unha entidade única e continua que require dunha ordenación coherente e coordinada.

O anteproxecto de decreto que se someterá a consulta pública previa a partir de mañá, 10 de xuño, tamén servirá para modificar e adaptar á Loxilga o decreto vixente que regula as autorizacións na zona de servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre (DPMT).

Traspaso de funcións e servizos

Cómpre lembrar que a concesión dos títulos para a ocupación e uso do dominio público é unha das funcións executivas que ten estatutariamente atribuídas Galicia pero, para poder exercelas de forma efectiva e directa, antes tiña que dispoñer dos medios persoais e materiais necesarios para asumir este tipo de funcións.

Por este motivo, a Xunta estivo anos reclamando ao Goberno central as transferencias necesarias para completar o autogoberno sobre a súa franxa costeira, petición que se viu reforzada en 2024 despois de recibir o aval do Tribunal Constitucional á Lei do litoral.

Agora, tras o acto de sinatura oficial do pasado 9 de abril, o traspaso a Galicia das funcións e servizos en materia de ordenación e xestión do litoral será efectivo desde o vindeiro 1 de xullo, polo que a partir desa mesma data lle corresponderá á Xunta outorgar as concesións e autorizacións en dominio público.

Ademais, a Loxilga tamén regula outros trámites que se beneficiarán deste procedemento único, como as autorizacións para usos en zona de servidume de protección do DPMT, o informe de avaliación paisaxística e a autorización ou informe para os usos e as actividades sobre os espazos naturais protexidos.

Así, o futuro procedemento integrado permitirá o exercicio dun determinado uso no litoral de Galicia mediante un único trámite que aglutine todos os títulos de intervención requiridos pola normativa vixente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En todo caso, como paso previo e inmediato, a partir do día 1 de xullo xa estará habilitada na sede electrónica da Xunta unha solicitude única para todos os procedementos do litoral, tanto en zona de servidume de protección como en dominio público, o que simplificará a tramitación destas autorizacións ao poder realizarse, por primeira vez, de xeito electrónico e a través do sistema de xanela única.

Primeira Comunidade en regular a costa en toda a súa extensión

En xullo de 2023 e grazas á Loxilga, Galicia converteuse na primeira comunidade en regular por lei o litoral en toda a súa extensión, é dicir, incluíndo tanto a zona terrestre e intermareal como a área mariña ata as 12 millas náuticas. O obxectivo é abordar a regulación da costa e dos usos que se desenvolven nela por quen mellor a coñece, de forma integrada e desde unha tripla perspectiva (social, ambiental e económica).

Neste sentido, cómpre lembrar que a comunidade galega ten a costa máis extensa de España: algo máis de 2.500 quilómetros, contando o perímetro costeiro pero tamén illas, illotes, marismas e areais. Esta realidade xeográfica é a que a diferencia doutras comunidades e explica por que o seu modelo produtivo e forma de vida estiveron historicamente ligados ao mar e, por tanto, requiren criterios e regulacións específicos.

Baixo o amparo das súas competencias, a Xunta leva décadas regulando o litoral galego e desenvolvendo instrumentos de ordenación do territorio cunha incidencia directa e notable sobre a franxa costeira.

Coa aprobación da Loxilga, Galicia deu un paso máis para poder asumir, como xa fixeran outras comunidades, as competencias plenas e efectivas que lle atribúe o seu Estatuto de autonomía sobre a xestión do DPMT e que lle permitirán agora xestionar arredor de 1,6 millóns de hectáreas marítimas e terrestres do seu territorio.

Con tal fin e tras recibir o aval do Constitucional á Lei do litoral galega, a Xunta comezou a dar todos os pasos necesarios para o desenvolvemento do disposto na referida norma, un traballo en que se enmarca a regulación do novo procedemento integrado para tramitar as autorizacións que permiten intervenir na costa.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FINANCIARÁ CON MÁIS DE 33 M€ PROGRAMAS DE ENTIDADES DO TERCEIRO SECTOR CON CARGO AO 0,7 % DO IRPF

- O importe final destas axudas podería elevarse ata case os 35,5 M€, un incremento do 7 % con respecto á anterior convocatoria
- A través destes fondos, sufráganse actuacións nos ámbitos da protección da infancia, da atención ás persoas maiores e con discapacidade, da inclusión social ou da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero

O Consello da Xunta autorizou unha nova orde de axudas para a realización de programas que atenden fins de carácter social por parte das entidades do terceiro sector. A convocatoria deste 2025 está dotada cun orzamento inicial de 33,2 millóns de euros, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) e do imposto de sociedades. Prevese que, unha vez que o Goberno central formalice a asignación da contía definitiva que lle corresponde a Galicia, o orzamento desta orde que xestiona a Consellería de Política Social e Igualdade suba este mesmo ano ata os 35,5 millóns de euros, un 7 % máis que o ano pasado.

Esta liña de achegas está dirixida a entidades que traballan no ámbito das políticas sociais e a igualdade. É dicir, que desenvolven actuacións destinadas á protección da infancia, á atención das persoas maiores e con discapacidade, á inclusión social, á promoción da igualdade entre mulleres e homes ou á prevención da violencia de xénero e o apoio ás vítimas. A través destas axudas tamén se poden financiar investimentos en equipamento, obras de adaptación e rehabilitación de centros e unidades de atención ou a adquisición de vehículos.

No que respecta ás axudas concedidas coas anteriores convocatorias, obsérvase un notable incremento. Concretamente, o ano pasado financiáronse 744 programas e proxectos impulsados por 155 entidades, o que supón 48 iniciativas e 8 entidades máis que coa orde de 2023. Estas cifras supoñen continuar coa tendencia crecente iniciada desde a primeira convocatoria de 2017, na cal se financiaron 201 programas a 55 entidades.

Prazos

A previsión é que a nova convocatoria que esta mañá obtivo o visto e praxe do Consello se publique no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) estes mes de xuño. O prazo de presentación de solicitudes é dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación. O pagamento das axudas efectuarase cun anticipo do 100 % e a execución dos programas realizarase durante 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UN PLAN EXTRAORDINARIO DE MEDIDAS EN MATERIA DE SEGURIDADE INDUSTRIAL CENTRADO NA SENSIBILIZACIÓN E NA PROMOCIÓN DAS BOAS PRÁCTICAS

- A Consellería de Economía e Industria desenvolverá un amplo abano de actuacións ao longo do ano 2025, entre elas e en colaboración coa Fegamp, a difusión dunha guía que permita aos concellos unificar a instalación de atraccións de feira
- Tamén se inclúe un proxecto para mellorar os protocolos de acceso á información no caso dos sinistros por incendio, que reforce o papel de empresas e aseguradoras
- O Plan extraordinario de inspección desenvolvido no ano 2024 por primeira vez permitiu a realización de 333 visitas, que se sumaron aos máis de 1.400 controis do plan ordinario

O Consello da Xunta deu conta esta mañá do Plan extraordinario de medidas en materia de seguridade industrial que a Consellería de Economía e Industria está xa a levar a cabo neste ano 2025 co obxectivo de elevar os niveis de proteccións de bens e persoas neste ámbito. Para iso, o Goberno galego traballa nunha dobre vía: no reforzo das liñas de colaboración cos colexios profesionais de enxeñeiros industriais e de enxeñeiros técnicos industriais para o fomento e difusión de actuacións neste campo, e no eido normativo, coa adaptación á lexislación vixente.

Neste contexto, o programa extraordinario dado a coñecer esta mañá inclúe a sinatura de dous convenios de colaboración que permitirán mellorar e fortalecer a seguridade industrial na Comunidade Autónoma a través do desenvolvemento dunha serie de actuacións de fomento e difusión, concienciación e sensibilización.

Nomeadamente, o primeiro deles, asinado co Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia recentemente, inclúe a organización de visitas guiadas a industrias galegas e a elaboración de tres novas guías didácticas para a promoción e difusión da seguridade industrial. Así mesmo, incorpora a confección de materiais de sensibilización, así como de pezas audiovisuais sobre a marcación CE de elementos das instalacións de gas e baixa tensión. No marco deste acordo tamén se celebrará o II Congreso de Seguridade Industrial e os Premios de Seguridade Industrial de Galicia.

O segundo convenio asinarase proximamente co Consello Galego de Enxeñeiros Técnicos Industriais e permitirá a difusión da primeira guía de boas prácticas de seguridade industrial para a tramitación de instalacións provisionais en verbenas e festas populares. Malia que se trata dunha competencia estritamente municipal, a Xunta está a colaborar estreitamente coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para sacar adiante unha ferramenta que permitirá unificar os criterios para a concesión dos permisos necesarios para a instalación das atraccións de feira. No marco deste mesmo convenio executaranse accións de promoción da seguridade contra incendios en establecementos comerciais e unha guía divulgativa sobre as estacións de recarga de vehículos eléctricos, co propósito de garantir as medidas de seguridade destas infraestruturas. E mesmo se apoiará a celebración do IX congreso de Prevención e Seguridade Industrial.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan de inspección dual: ordinario e extraordinario

Paralelamente a esta liña de actuación, a Xunta de Galicia desenvolverá un plan de inspección para o ano 2025. Unha medida que se leva realizando desde o ano 2011 e que inclúe inspeccións documentais, visitas e mesmo tarefas administrativas de inspección de xestión das inspeccións no marco de tres programas: as instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial como ascensores, instalacións térmicas ou de baixa tensión, entre outros; empresas instaladoras ou mantedoras de seguridade industrial, e accidentes graves. No ano 2024 este plan permitiu a realización de máis de 1.400 controis.

Esta inspección ordinaria complementábase coa segunda edición do Plan extraordinario de inspección sobre seguridade industrial, que a Consellería de Economía e Industrial levará a cabo a través dun convenio de colaboración con Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados. Na edición deste ano incluírase a vixilancia de paneis fotovoltaicos e dispositivos salvaescaleiras e un programa específico para actuacións de oficio. No caso da edición anterior, o Goberno galego levou a cabo 333 inspeccións de carácter extraordinario.

Actualización da normativa vixente

A segunda gran liña de traballo deste plan extraordinario pon o foco na adaptación normativa, de maneira que xa se está a traballar nun proxecto de decreto para acomodar a normativa autonómica á lexislación estatal que regula a inspección, mantemento e seguridade que debe aplicarse aos ascensores e, de xeito máis concreto, no que atinxe aos prazos das inspeccións.

A outra norma que se está a adaptar ten que ver co regulamento da actividade industrial e a prestación de servizos nos talleres de reparación de vehículos e dos seus equipamentos e compoñentes.

Todas estas cuestións xa foron avanzadas no marco da celebración da segunda sesión do Consello Galego de Seguridade Industrial, que tivo lugar o pasado 26 de maio, e que está a funcionar como unha verdadeira canle de comunicación entre os distintos axentes e un espazo de proposta de melloras neste ámbito.

A seguridade industrial comprende aquelas actividades de prevención e limitación de riscos, ou protección contra accidentes e sinistros que poden producir danos e perdas ás persoas, os bens ou o ambiente, derivados da actividade industrial ou do uso, funcionamento e mantemento das instalacións ou dos equipamentos e da produción, almacenamento ou refugallo de produtos industriais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INGRESARÁ MÁIS DE 9,5 M€ AOS CONCELLOS GALEGOS POLA LIQUIDACIÓN DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DO 2023

- O Goberno galego segue a blindar o seu compromiso coas entidades locais, aumentando a dotación global do fondo arredor dun 10% respecto ao exercicio anterior
- Desde 2011 o FCL incrementouse un 47%, pasando dos 112,9 millóns de euros aos 168 millóns deste ano

A Xunta vai ingresar máis de 9,5 millóns de euros (9.565.775€) aos concellos galegos pola liquidación definitiva do Fondo de Cooperación Local (FCL) do ano 2023. Así se desprende do informe presentado hoxe pola Consellería de Facenda e Administración Pública no Consello de Goberno.

Como a liquidación do exercicio do ano 2023 resultou positiva, o importe de algo máis de 9,5 millóns resultante repartirase entre as administracións locais galegas, tendo en conta tanto os criterios de distribución do fondo base como os do fondo adicional.

Desde o cambio ao actual sistema que blinda un nivel mínimo de financiamento dos concellos (no ano 2011) ata o orzamento de 2025, o FCL incrementouse un 47%, pasando dos 112,9 millóns de euros aos 168 millóns deste ano.

Cómpre salientar que o Goberno galego segue a reforzar o seu compromiso coas entidades locais, aumentando no presente exercicio a dotación global do fondo arredor dun 10%.

A Xunta continúa mellorando o financiamento aos concellos de menos de 15.000 habitantes, cun incremento das entregas a conta de 5,4 millóns de euros con cargo ao fondo base. Tamén coa liquidación do fondo adicional, destinado exclusivamente a eles, con 6,9 millóns de euros.

Logo dunha análise comparativa co resto das comunidades, o informe conclúe que Galicia é a segunda comunidade que máis contribúe ao financiamento das corporacións locais a través de fondos incondicionados, segundo o Informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade 2024 da IGAE.

A Administración do Estado, ao non ter aprobados os seus Orzamentos, ten sen actualizar desde o ano 2023 os importes das achegas tanto para o financiamento das entidades locais como para o da propia Xunta. Porén, os concellos galegos están recibindo do FCL as entregas a conta coas cifras actualizadas de 2025, aínda que a Xunta recibe do Goberno central 127,5 millóns de euros menos todos os meses. Esta foi, precisamente, unha das cuestións que defendeu o pasado venres o presidente da Xunta na XXVIII Conferencia de Presidentes celebrada en Barcelona, onde Alfonso Rueda destacou a necesidade de que as comunidades autónomas reciban as entregas a conta e

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o pago dos correspondentes intereses, algo que depende da “vontade política” do Goberno central.

Co fin de garantir a suficiencia económica dos concellos, a Xunta leva anos reclamándolle ao Goberno central a definición dun novo modelo de financiamento local que teña presente as especiais características da comunidade, como a dispersión xeográfica ou o envellecemento, e que esa negociación se realice de forma paralela á do financiamento autonómico. Con todo, desde a Xunta xa se están a compensar estes desfases con transferencias ás entidades locais tanto co Fondo de Cooperación Local como con outras liñas de axudas específicas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA OFRECE ÁS PEMES GALEGAS ASESORAMENTO ESPECIALIZADO EN TECNOLOXÍA DIXITAL INNOVADORA PARA MELLORAR A SUA COMPETITIVIDADE

- Pon en marcha o programa ReactivaTEC, que facilitará a pequenas e medianas empresas servizos en materia de ciberseguridade, Big Data, na implantación de recursos para a captación e fidelización de clientes ou de solucións de software libre
- O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación destes servizos por un valor estimado de 5 millóns de euros, cofinanciados nun 60 % con fondos Feder

A Xunta pon en marcha o programa ReactivaTEC, que ofrece ás pequenas e medianas empresas galegas un catálogo de servizos de asesoramento especializado sobre innovación tecnolóxica dixital para mellorar a súa competitividade. O Consello do Goberno galego aprobou hoxe a licitación destes servizos, que prestarán empresas tecnolóxicas.

O contrato, cun valor estimado de máis de 5 millóns de euros e cofinanciado nun 60 % con cargo ao programa Feder 2021-2027, permitirá ofrecer durante 30 meses, prorrogable outros 30, ata 700 asesorías de innovación tecnolóxica dixital a pemes galegas, que representan o 96 % do tecido empresarial da comunidade.

O ReactivaTEC ofrece cinco servizos desde unha perspectiva tecnolóxica, dixital e innovadora, que abranguen a diagnose sobre o grao de innovación tecnolóxica da empresa e a identificación de solucións dixitais; a definición e implantación dunha estratexia de ciberseguridade; a dixitalización de procesos a través da aplicación de Big Data; a introdución de solucións innovadoras para a captación, relación e fidelización de clientes e o emprego de solucións baseadas en software libre. A previsión é que estes servizos estean dispoñibles no segundo semestre do ano e que a duración máxima de cada un sexa de sete meses.

A posta en marcha do ReactivaTEC enmárcase nas actuacións da Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030), que busca impulsar a transformación dixital do tecido produtivo galego e aposta pola especialización tecnolóxica de Galicia con medidas para facilitar a adopción das tecnoloxías innovadoras por parte das empresas. Para o final da década, a EDG2030 establece entre as súas metas que as empresas que empregan Big Data superen o 25 % e as que empregan IA acaden o 45 %.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONTRATARÁ POR MÁIS DE 470.000 € A REDACCIÓN DO PROXECTO PARA CONSTRUÍR 53 VIVENDAS PÚBLICAS NA RÚA ERNESTINA OTERO SESTELO, EN PONTEVEDRA

- Trátase da terceira actuación que a Xunta promove en solo cedido pola Administración local, despois de ter xa aprobado o Goberno galego a licitación dos proxectos de dous grupos de 54 e 11 vivendas en Valdecorvos e As Devesas, respectivamente
- O Goberno galego segue intensificando o impulso no incremento do parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a licitación, por importe de 470.187 euros, da redacción do proxectos básico e de execución e dirección de obra para a construción de 53 vivendas de promoción pública en solo cedido polo Concello de Pontevedra, rúa Ernestina Otero Sestelo, na zona de Tafisa.

Trátase da terceira contratación que a Xunta promove en solo cedido pola Administración local, despois de ter xa aprobado o Goberno galego a licitación dos proxectos de dous grupos de 54 e 11 vivendas protexidas en Valdecorvos e As Devesas, respectivamente.

En concreto, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia (Vipugal), licitará este novo contrato para impulsar a construción destes novos inmobles, que se localizará na parcela denominada P7 da UA 7, de 1.164 metros cadrados de lonxitude, e na cal se prevén construír 53 vivendas protexidas, garaxes e rochos, cun investimento estimado de case 11 M€.

Con este contrato autorizado hoxe, a Xunta continúa a promover nova vivenda de promoción pública na cidade de Pontevedra, tendo xa en marcha en Valdecorvos 236 VPP, ás que se engadirán estas 53 novas vivendas en Tafisa e as 11 na rúa As Devesas.

O obxectivo de Vipugal é licitar este contrato nas vindeiras semanas e os técnicos ou empresas adxudicatarias terán un prazo de cinco meses para a elaboración dos proxectos.

A Xunta segue intensificando o ritmo de traballo no compromiso de incrementar o parque público residencial co obxectivo de duplicalo nesta lexislatura e acadar así 8.000 vivendas. Neste momento, xa ten en marcha máis de 2.200 vivendas nas cidades de Vigo, Pontevedra, A Coruña, Santiago, Ourense, Lugo ou Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A REHABILITACIÓN DA ANTIGA ESTACIÓN DE FERROCARRIL DE VEDRA CUN INVESTIMENTO DE 150.000 € PARA RENOVAR A CUBERTA DA NAVE DE USO ESCÉNICO E MUSICAL

- O Consello dá o visto e praxe á colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o concello coruñés para tirar o máximo proveito cultural do inmovible
- A recuperación do complexo ferroviario para estas funcións fai que sexa a única intervención destas características que se está a desenvolver en Galicia
- As actuacións realizaranse entre setembro e novembro de 2025 e no período de xaneiro e marzo de 2026

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Vedra para investir 150.000€ na renovación da cuberta da nave que forma parte da antiga estación de ferrocarril de Santa Cruz de Ribadulla, no municipio coruñés Vedra, e cuxas instalacións se empregan como espazo escénico e musical.

Cómpre destacar que este concello está a realizar unha rehabilitación integral para a recuperación e reutilización das instalacións da antiga estación de Ferrocarril coa finalidade de darlle un novo uso e impulso como motor e pilar económico, cultural e social da contorna. A intención é que permita á poboación desfrutar novamente destas infraestruturas e poder sacarlle o maior proveito a un ben referente na vida de Vedra.

Ante o interese social e cultural deste complexo ferroviario, cuxa nova utilidade cultural fai que sexa unha intervención única destas características na nosa Comunidade, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achegará, ao abeiro deste acordo, 150.000 euros dos máis de 200.000 que custa a substitución da cuberta da nave. Precisamente, esta instalación ten como uso actual servir de espazo escénico e musical e acolleu, nos últimos tres anos, medio cento de actuacións.

A recuperación integral da antiga estación ten como obxectivo que se converta nun proxecto que dote dunha nova identidade cultural e visual este espazo para que se erixa nun lugar de referencia para veciños e veciñas deste concello, pero tamén para os habitantes da comarca que queiran crear novas identidades de pertenza.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude procura incrementar a actividade cultural no territorio e activar procesos culturais, tratando de afondar nos vínculos individuais e sociais do rural. Ao mesmo tempo, o obxectivo é reforzar e desenvolver as capacidades do sector cultural como ferramenta de cambio, dinamización e transformación social, promover a inclusión e a estimulación da participación cidadá activa na actividade cultural.

Todos estes obxectivos están na folla de ruta e dan cumprimento á senda marcada tanto pola recente Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, que entrou en vigor en

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xaneiro deste ano, como pola Rede Adival de dinamización cultural, dúas novas e pioneiras iniciativas do Goberno galego.

Ambas as dúas buscan descentralizar a programación e creación cultural desde o punto de vista do territorio, poñendo tanto o foco no rural, como en dar as máximas facilidades en materia de integración e accesibilidade para crear ou desfrutar da cultura, derrubando barreiras cognitivas, físicas, económicas ou propiciadas polo lugar de residencia.

Calcúlase un prazo de execución das obras sexa tres meses na primeira intervención que se levará a cabo en 2025, entre setembro e novembro. A continuación, acometerase unha segunda fase de actuacións que se realizarán en 2026, que irán de xaneiro a marzo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACHEGA 150.000 € PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DA CASA DA CULTURA DE PORTO DO SON

- O Consello dá luz verde á sinatura do convenio entre o Goberno galego e o concello coruñés para levar a cabo esta intervención que se desenvolverá en dúas anualidades
- A actuación responde ao plan de modernización de equipamentos que ten en marcha a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
- O obxectivo dos traballos é ofrecer á veciñanza un espazo coas condicións máis axeitadas para realizar actividades lúdicas e formativas
- As tarefas centraranse na substitución do sistema de climatización e de abastecemento e en solucionar os problemas de impermeabilización da cuberta

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude achegará 150.000€ para levar a cabo obras de mellora da eficiencia enerxética na Casa de Cultura de Porto do Son, na liña do seu plan de modernización dos equipamentos culturais para ofrecer un servizo de calidade á sociedade. Así se acordou hoxe no Consello da Xunta, en que se deu luz verde á sinatura do convenio entre o Goberno galego e o concello coruñés.

Deste xeito, o inmobile, que dispón de biblioteca, sala de exposicións e auditorio, e que está destinado ao desenvolvemento de actividades lúdicas, formativas e culturais será obxecto dunha intervención que incluírá a mellora da accesibilidade, a reparación da cuberta e a reforma do sistema de abastecemento de auga potable. Desde o Executivo autonómico respóndese así á necesidade de pór solución á deficiente situación en que se atopa o local, de maneira que se adecúe para ofrecer á veciñanza un espazo axeitado para a dinamización cultural do municipio.

Así, os traballos destinados a renovar a infraestrutura en beneficio da cidadanía, distribuiranse en dúas fases, de maneira que o investimento será repartido en dúas anualidades. Para este 2025 resérvase unha partida de 49.922€ para actuacións previas, demolicións, accións nas cubertas e xestión de residuos, principalmente. En 2026 a achega será de 100.077€ para intervir nas cubertas, carpintarías e revestimentos, así como para desenvolver tarefas de illamento ou fixar novas instalacións e equipamentos.

Estado do inmobile

A Casa da Cultura sonense conta cun sistema de climatización consistente en chan radiante eléctrico, o que xera un importante consumo, polo que se fai necesario substituílo por sistemas de calefacción máis eficientes co obxectivo de reduci-lo e mellorar a eficiencia enerxética do edificio. Así mesmo, a cuberta do inmobile presenta falta de illamento térmico e problemas de impermeabilización, unha das principais causas que afectan negativamente o consumo de enerxía.

Por outra banda, a edificación carece de baños adaptados a nivel de planta baixa polo que tamén se actuará para corrixir a situación. Ademais, o sistema de abastecemento de auga potable atópase actualmente moi deteriorado polo paso do tempo, o que require a súa modernización para que a actividade no centro se poida desenvolver nas mellores condicións.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A REHABILITACIÓN DA ANTIGA CASA REITORAL DE PETELOS EN MOS CUN INVESTIMENTO DE 200.000 €

- O Consello dá o visto e praxe ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o concello pontevedrés para posta en valor deste edificio e a súa contorna
- O inmovible, datado do século XV e de estilo gótico, está protexido polo seu valor cultural e está considerado un dos edificios de máis valía patrimonial do municipio
- As súas instalacións foron obxecto de reconstrucións previas, ás cales se lles dá continuidade centrándose no muro, na mellora de accesos e na zona dos xardíns
- As actuacións, que debe contratar a Administración local, repártanse entre os anos 2025 e 2026

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Mos para dar continuidade a rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos cun investimento por parte do Goberno galego de 200.000€ para as actuacións que se levarán a cabo durante os anos 2025 e 2026.

Cómpre salientar que este inmovible, datado no século XV e de estilo gótico, é un dos edificios de máis valía patrimonial deste concello. Está protexido polo seu valor cultural no Plan xeral de ordenación municipal, á vez que no Catálogo autonómico de patrimonio da Xunta. Consecuentemente, as actuacións que financiará a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude teñen como obxecto a súa posta en valor e tamén da súa contorna.

A rehabilitación da Antiga Casa Reitoral de Petelos estase a levar a cabo en varias fases, xa que comezou ao abeiro dun convenio entre a Diocese Tui-Vigo e o Concello de Mos. Consecuentemente, na actualidade, xa conta coa torre fortificada totalmente rehabilitada e tamén están recuperadas as naves norte, leste e oeste.

Por tanto, as actuacións co cargo aos orzamentos da Xunta de 2025 e de 2026 vanse centrar especialmente na limpeza, saneamento e reconstrución do muro exterior e tamén na mellora dos seus accesos para poñer en valor este edificio e a súa contorna. De igual xeito, será necesario renovar algún elemento da carpintería para mellorar as condicións de protección do interior do inmovible.

Ademais, as obras de reparación desta fase inclúen a reconstrución de parte da coroación dos muros perimetrais que actualmente están caídos; abrírase tamén unha sección para crear un paso peonil que permita acceder desde a zona dos aparcadoiros aos futuros xardíns, cuxo acondicionamento tamén está previsto nestas intervencións.

A maiores, nesta fase de rehabilitación tamén se colocarán portas de acceso de madeira maciza, unhas cancelas, varandas metálicas e tirarase proveito dos traballos no perímetro da Antiga Casa Reitoral para a incorporación de iluminación exterior integrada no pavimento.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo o establecido no convenio, será o Concello de Mos a administración encargada de contratar as empresas especializadas e tamén os medios humanos, técnicos e materias necesarios para o desenvolvemento dos traballos, conforme a Lei de Patrimonio de Galicia de 2016. Ademais, estableceranse para 2025 e 2026 unha serie de actuacións que se realizarán anualmente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA A COLABORACIÓN CO FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA PARA SEGUIR PROMOVEDO ESTE MODELO EMPRESARIAL SOLIDARIO, XERADOR DE RIQUEZA E EMPREGO

- O Consello autorizou a sinatura do convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e esta entidade para continuar visibilizando a economía social en Galicia
- Deste xeito, ambas as partes seguirán contribuíndo á consolidación destas entidades como un motor fundamental de crecemento sustentable, que crea emprego de calidade, inclusivo, integrador e vencellado co territorio
- Entre os compromisos de Foroescal figuran o reforzo da presenza da economía social de Galicia nas entidades representativas do sector de ámbito europeo ou estatal, desenvolvemento de accións de difusión ou contribución ao impulso da Rede Eusumo
- A Xunta ten en marcha actualmente a Estratexia galega de economía social horizonte 2027, coa que se prevé xerar 4.000 empregos e crear 400 novas entidades

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración e a Asociación Foro pola Economía Social Galega (Foroescal) co obxectivo de seguir avanzando na visibilización e o impulso da economía social en Galicia. A esta colaboración anual o Goberno galego destina un importe total de 60.000 euros e con ela busca seguir recoñecendo, difundindo e potenciando o labor destas entidades para promover o cumprimento dos fins económicos e sociais que lles son propios, así como contribuír á súa consolidación como un motor fundamental de crecemento sustentable, que crea emprego de calidade, inclusivo, integrador e vencellado co territorio.

No marco deste convenio, Foroescal comprométese a seguir avanzando neste eido, poñendo o foco en tres grandes áreas. En primeiro lugar, promoverá activamente a visibilización e o posicionamento da economía social de Galicia nas entidades representativas do sector de ámbito europeo ou estatal -así como nos organismos públicos- a través da participación nas actividades ou foros que teñan lugar. De forma específica, por exemplo, o Foro representará a economía social galega no seo da Confederación Empresarial Española de Economía Social (Cepes) e realizará funcións de interlocución e mediación ante as institucións europeas con responsabilidades na economía social. Ademais, colaborará coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración naquelas accións dirixidas a reforzar a presenza da economía social galega nas institucións europeas.

En segundo lugar, levará a cabo accións de difusión da economía social ante os principais axentes económicos e sociais de Galicia, promovendo encontros, xornadas, grupos de traballo ou outros mecanismos que se consideren axeitados para mellorar o coñecemento do sector. En concreto, prevé accións como a organización dunha xornada de traballo con entidades tractoras da economía social para fortalecer as colaboracións

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

empresariais ou a realización dunha xornada de difusión de boas prácticas de entidades da economía social, no seo das actividades do Consello da Economía Social de Galicia. Tamén impulsará accións de comunicación dirixidas á poboación xeral e reforzará a súa capacidade para a elaboración de posicionamentos de defensa do sector a nivel lexislativo.

Finalmente, no referido ao desenvolvemento e impulso da economía social, promoverá a elaboración de informes de oportunidades ou a conformación de grupos de traballo conducentes a facilitar o desenvolvemento de proxectos no marco dos plans de recuperación e reactivación económica que se poñan en marcha. Ademais, colaborará coa Consellería de Emprego, Comercio e Emigración no impulso e desenvolvemento da Rede Eusumo, propoñendo mecanismos para a identificación de prioridades e para a orientación das actividades da Rede cara a obxectivos comúns.

A Asociación Foro pola Economía Social Galega é unha organización intersectorial integrada por cinco entidades representativas: a Unión de Cooperativas Galegas Espazocoop, a Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca), a Asociación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia (Aesgal), a Asociación Empresarial Galega de Centros Especiais de Emprego sen Ánimo de Lucro (Cegasal) e a Asociación de Empresas de Inserción de Galicia (Aeiga).

Pulo da economía social en Galicia

A sinatura deste convenio encádrase no labor de fomento e promoción que vén realizando a Xunta de Galicia para promover a economía social a través de múltiples medidas que converxen na Estratexia galega de economía social, unha planificación con horizonte en 2027 coa que se aspira a posicionar esta fórmula nos sectores verde, sustentable, industrial, tecnolóxico e dixital, ao tempo que recolle medidas para xerar 4.000 empregos e crear 400 novas entidades. Ademais, para este ano a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ten orzados case 45 M€.

Esta estratexia tamén abarca os apoios para incrementar a competitividade das diferentes entidades, entre eles o programa Aprox Economía Social (5 M€), o Bono Consolida (máis de 2,7 M€); os apoios específicos para as entidades colaboradoras da Rede Eusumo, aos cales este ano se destinan 690.000 €, e as axudas para fortalecer o tecido asociativo do sector (330.000 euros). O obxectivo é crear novas oportunidades de negocio ao abeiro deste modelo económico sustentado nos principios de igualdade, solidariedade e integración e que, ademais, ofrece unha gran capacidade dinamizadora da economía local, sobre todo no rural, o que permite fixar poboación en zonas menos poboadas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FUNDACIÓN LABORAL DA CONSTRUCCIÓN IMPULSAN O PROXECTO PIONEIRO *BENSEGURO* PARA AVANZAR NA SEGURIDADE DO SECTOR CO FOCO EN OBRAS MENORES

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Issga e a Fundación Laboral da Construción dotado con 200.000 euros e orientado a reducir a sinistralidade no sector
- Entre as novidades, destaca un plan piloto de asesoramento técnico para obras de mantemento ou rehabilitación sen proxecto, cun equipo especializado que percorrerá Galicia detectando deficiencias e ofrecendo solucións *in situ*
- No ámbito da sensibilización social, desenvolverase unha campaña de concienciación específica co obxectivo de informar a cidadanía sobre a importancia de contratar obras de xeito profesional, responsable e respectando as medidas de seguridade
- Tamén se creará unha Comisión Técnica de Seguimento da Seguridade e Saúde Laboral no sector da construción co obxectivo de analizar as cifras de sinistralidade, avaliar as actuacións e definir estratexias para mellorar as condicións de seguridade nas obras
- O proxecto Benseguro reforzará o traballo de prevención que Galicia impulsa a través de ferramentas consensuadas co tecido sindical e empresarial como a Estratexia de seguridade e saúde laboral ou o plan de actuación anual do Issga

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio entre a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) e a Fundación Laboral da Construción para poñer en marcha o proxecto *Benseguro*, unha iniciativa pioneira en España orientada a minimizar a sinistralidade laboral no sector da construción, con especial atención nas obras menores, que son as que concentran un maior volume de accidentes. Este proxecto contará cun investimento total de 200.000 euros, dos cales a Xunta achegará 120.000 euros e a Fundación o 40 % restante.

Entre as principais novidades destaca un pioneiro plan piloto de asesoramento para obras sen proxecto, que contará cun equipo técnico encargado de detectar por toda Galicia aquelas que non cumpran coa normativa en materia de seguridade laboral e de ofrecer *in situ* solucións axeitadas. Esta intervención directa, enfocada na prevención, permitirá actuar directamente nos lugares onde se producen os riscos, complementándose cunha campaña de concienciación social centrada en promover a importancia da contratación responsable e segura. O acordo autorizado hoxe supón un novo paso na aposta da Xunta por deseñar medidas efectivas de prevención nos sectores de maior risco e reforza o labor que o Issga xa viña desenvolvendo en colaboración coa Fundación Laboral da Construción, especialmente na organización de accións formativas, xornadas técnicas e campañas de prevención. O convenio terá vixencia ata o 30 de xuño de 2026.

Principais liñas de actuación

Ao abeiro do convenio asinado hoxe, un dos eixes principais de traballo será a creación dunha Comisión Técnica de Seguimento da Seguridade e Saúde Laboral no sector da

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

construción, formada por representantes da Consellería, do Isga e da Fundación Laboral da Construción, a través do Consello Territorial de Galicia, en que tamén están representados os axentes sociais do sector. Esta comisión reunirse trimestralmente co obxectivo de analizar as cifras de sinistralidade, avaliar as actuacións do proxecto e definir estratexias para mellorar as condicións de seguridade nas obras.

No ámbito da sensibilización social, desenvolverase unha campaña de concienciación co obxectivo de informar a cidadanía sobre a importancia de contratar obras de xeito profesional, responsable e respectando as medidas de seguridade recollidas na normativa vixente. A iniciativa tamén abordará, desde unha perspectiva divulgativa, as implicacións legais que pode ter a contratación de servizos de construción sen as garantías adecuadas.

Ademais, para facer fronte á sinistralidade que se concentra en pequenas empresas e intervencións de mantemento ou rehabilitación sen proxecto técnico, poñerase en marcha un plan piloto de asesoramento. Este servizo contará cun equipo especializado formado por un xefe de proxecto, un técnico coordinador, un técnico asesor e dous axentes despregados no territorio, un para A Coruña e Lugo e outro para Pontevedra e Ourense. O seu labor, de carácter preventivo, consistirá en percorrer a xeografía galega detectando obras que non cumpran coas medidas de seguridade e ofrecendo asesoramento sobre como corrixir esas deficiencias. Esta intervención complementarase coa elaboración de informes non vinculantes que permitan coñecer o estado real das condicións de traballo no sector e deseñar políticas máis eficaces. O proxecto inclúe outras accións complementarias como a elaboración dun mapa de riscos químicos no sector, campañas e xornadas de promoción da saúde laboral e sesións técnicas en colaboración co Isga.

Compromiso institucional coa seguridade e a saúde no traballo

O proxecto Benseguro reforza o traballo de planificación estratéxica que Galicia está a desenvolver neste eido a través de ferramentas consolidadas e consensuadas co tecido social e empresarial. A nivel global —e cun orzamento de preto de 56M€— a Estratexia de seguridade e saúde laboral de Galicia é a ferramenta a medio prazo para desenvolver as políticas do Executivo autonómico nesta materia, que se concretan cada ano no plan de actuación do Isga. Así, en 2025, entre as diferentes medidas recollidas, continuarase avanzando no grupo de traballo da construción e en actuacións de asesoramento, información e sensibilización específicas para reducir a sinistralidade laboral no sector, con especial foco nos riscos de caída en altura, as condicións materiais nas obras, exposición a amianto ou traballos de exterior con elevada temperatura.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SIMPLIFICA O ACCESO ÁS AXUDAS DE COOPERACIÓN INTERTERRITORIAL E TRANSNACIONAIS DIRIXIDAS AOS GALP DOTADAS CON 750.000 €

- Estes apoios teñen entre os seus obxectivos o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras, aumentar o valor dos produtos da pesca, a creación de emprego, a remuda xeracional ou o fomento do patrimonio cultural marítimo
- Esta convocatoria, que será publicada proximamente, é a primeira desde a entrada en vigor do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) e establece contías máximas por proxecto de 200.000 euros
- No período 2016-2022, co anterior fondo europeo, foron realizados 20 proxectos de cooperación que supuxeron a mobilización de máis de 1,6 millóns de euros, esgotando a partida prevista

O Consello da Xunta autorizou a proposta da Consellería do Mar para simplificar o acceso dos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) ás axudas para proxectos de cooperación interterritoriais e transnacionais, cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo de Pesca e Acuicultura (Fempa). Mediante a exención da obriga de presentación de garantías e a realización de pagamentos á conta e anticipos por importe conxunto de ata o 100 % na vindeira convocatoria destes apoios autonómicos, que serán publicados proximamente cunha dotación plurianual de 750.000 euros, facilitarase a materialización destas iniciativas que teñen un grande impacto nas comunidades costeiras da comunidade.

Estas achegas están dirixidas aos oito GALP con que conta Galicia para desenvolver accións de cooperación no marco das súas respectivas estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP). Nelas poden participar unha ou máis entidades e teñen entre os seus obxectivos o fomento da economía azul nas zonas pesqueiras, aumentar o valor dos produtos da pesca, a creación de emprego, a remuda xeracional ou o fomento do patrimonio cultural marítimo. Actuacións que afondan na diversificación e desenvolvemento das comunidades costeiras.

Esta convocatoria, que será publicada proximamente no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), é a primeira desde a entrada en vigor do Fempa. As contías das axudas poden alcanzar ata o 100 % dos custos subvencionables do proxecto ata un máximo de 200.000 euros. O prazo para formalizar as solicitudes será de 45 días naturais a partir do día seguinte ao da publicación da orde cuxa selección será por concorrencia competitiva valorando as iniciativas segundo os criterios de selección establecidos nas EDLP.

No período 2016-2022, co anterior Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (Femp), foron realizados un total de 20 proxectos de cooperación que supuxeron a mobilización de máis de 1,6 millóns de euros, esgotando a partida prevista no plan financeiro do anterior fondo. Así, a última convocatoria tivo lugar en 2022 cun orzamento de 82.000 euros que permitiron financiar o proxecto Rema II, de turismo vencellado ao patrimonio marítimo, e proxecto Pesca con Ciencia, de adaptación do sector da pesca artesanal aos efectos do cambio climático.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA O PROXECTO OSTREARES PARA RESTAURAR OS BANCOS NATURAIS DE OSTRA AUTÓCTONA NA ENSEADA DE SAN SIMÓN

- A iniciativa, liderada polo Centro de Investigacións Mariñas, conta coa participación da Federación Provincial de Confrarías de Pontevedra e da propia Confraría de Arcade
- Os traballos que se van realizar, distribuídos en tres etapas, está previsto que se prolonguen ata decembro do 2026 e suporán un investimento pola parte da Xunta de máis de 190.000 euros

O Consello da Xunta tomou razón do desenvolvemento do proxecto *Ostreares* que ten como obxectivo recuperar a actividade de aproveitamento marisqueiro dos bancos naturais de ostra autóctona na enseada de San Simón, na ría de Vigo. A iniciativa, que vén liderada polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) dependente da Consellería do Mar, esta enmarcada na Rede creada pola Xunta entre o sector pesqueiro e os centros científicos da comunidade (Redemar), polo que no seu desenvolvemento colaboran a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores de Pontevedra e a Confraría de Pescadores de Arcade.

Esta iniciativa recolle unha serie de actuacións encamiñadas a incrementar o número de reprodutores de ostra plana, que serán estabulados nas estruturas instaladas no proxecto PreOstreares e na nova que se instalará neste. Para evitar depender da captura nos bancos naturais, tratarase de obter semente por captación natural e posta inducida. Pola súa banda, os colectivos de persoas mariscadoras a pé da propia Confraría de Arcade implicaranse asumindo o mantemento e limpeza das citadas estruturas. Entre os resultados alcanzados espérase obter datos sobre o comportamento dos reprodutores e da semente, así como recuperar a captura sustentable desta especie e propiciar os beneficios para o ecosistema que brindan estas poboacións.

Na primeira etapa do proxecto, xa finalizada, traballouse no aumento de stock de reprodutores na dita enseada mediante a introdución de 2.715 exemplares de ostra procedentes da Confraría de Noia. Tamén se abordou o control destes reprodutores para coñecer o grao de supervivencia e posibles patoloxías, e tamén se instalou unha nova sonda multiparamétrica. Paralelamente, a unidade de patoloxía de moluscos bivalvos do CIMA de Corón está a facer un seguimento do estado sanitario e un control da presenza de *Bonamia ostreae*, principal parasito e causante das altas mortalidades acontecidas no pasado. A finalidade é lograr pechar o ciclo de cultivo da ostra plana con bos niveis de supervivencia na fase de criadeiro, o que permitirá retomar o cultivo dunha variedade emblemática para Galicia.

Na segunda etapa, que se prolongará ata febreiro de 2026, foron realizados os traballos de adecuación das instalacións do CIMA en Ribadeo para poder introducir reprodutores deste xénero de ostra. Tamén se incorporaron distintos lotes de exemplares adultos, procedentes da ría de Noia, da ría de Arousa e da zona de San Simón dando como resultado que neste intre existan en diferentes fases de crecemento larvario máis de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

cinco millóns de unidades de larvas de ostra. No momento que alcancen o tamaño axeitado serán trasladadas ao medio mariño para que continúen medrando e cheguen a adultos.

Na terceira e derradeira etapa, agárdase obter información sobre a época de desova e instalación de colectores, a obtención por captación natural e será cando serán realizadas as análises dos resultados acadados. A iniciativa, en que a Xunta inviste máis de 190.000 euros cofinanciados nun 70 % polo Fempa (Fondo Europeo Marítimo, de Pesca, e Acuicultura), da continuidade a liña de traballo realizada previamente no proxecto PreOstreares que pretendía establecer as bases para o procedemento de restauración dos bancos naturais de ostra plana (*O. edulis*) na enseada de San Simón. Uns traballos con resultados moi satisfactorios, polo que se decidiu apostar por continuar cunha segunda fase a través desta nova acción que se estenderá ata decembro do 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA DESTACA QUE A XUNTA INCLÚE NO NOVO DECRETO DE FP A FIGURA DO PROFESOR ASOCIADO E AVANZA NO RECOÑECIMENTO MUTUO DE CRÉDITOS ENTRE ESTAS ENSINANZAS E A UNIVERSIDADE

- Destaca que o novo texto abre tamén a porta á posibilidade de deseñar currículos de carácter internacional, con validez en máis dun país
- Impúlsase a innovación a través do Centro Eduardo Barreiros e da creación de redes de centros de innovación avanzada
- Poténciase a información e a orientación profesional integral no marco do Plan FPGal360
- Favorécese a flexibilidade da formación en empresa e a súa remuneración, ao tempo que se impulsa a colaboración público-privada
- Apunta que a previsión é publicar o texto no último trimestre do ano, para que entre en vigor no curso 2026/27

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou hoxe que o Goberno galego inclúe no novo decreto de FP a figura do profesor asociado e avanza no recoñecemento mutuo de créditos entre estas ensinanzas e a universidade.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre o inicio da fase intermedia de tramitación do anteproxecto de decreto polo que establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia. Un texto no que a Xunta traballa desde hai ano e medio e que ten como obxectivo regular en Galicia os ciclos de FP básica, de grao medio e superior, así como os másteres destas ensinanzas, adaptándoas á nova normativa estatal. De feito, o decreto permitirá que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP desenvolva os currículos dos ciclos, o que propicia a axilización da adaptación da normativa ás necesidades do tecido e da sociedade.

Parte das novidades, como por exemplo a implantación da FP dual intensiva, o incremento das horas de formación práctica e os novos módulos, que duplican en Galicia o inglés na FP, xa funcionan este curso. Porén, tal e como sinalou o titular do Executivo galego, o novo decreto traerá consigo novas medidas de impulso á excelencia da FP galega, entre as que destacan a implantación dunha figura similar á do profesor asociado, a promoción do recoñecemento mutuo de módulos entre estas ensinanzas e as universitarias ou a posibilidade de deseñar currículos de carácter internacional, con validez en máis dun país.

O texto comeza agora a súa tramitación intermedia, coa súa exposición pública e remisión aos órganos pertinentes (mesa sectorial, Consello Galego de FP, Consello Escolar...). O presidente salientou que a previsión é poder publicar o novo decreto "no último trimestre do ano 2025", de tal forma que se aplicaría a partir do curso 2026/27. No entanto, a regulación para o curso 2025/26 farase a través da dunhas instrucións, tal e como se fixo, sen dificultades, para o actual ano académico.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A regulación da nova FP continuará, a posteriori, co desenvolvemento do decreto a través de novos textos normativos referidos aos currículos das titulacións, a admisión e outros aspectos.

Cómpre destacar que o atraso e os constantes cambios e contradicións do Ministerio de Educación na publicación da normativa de desenvolvemento, con novas correccións de erros hai poucas semanas, fixeron da elaboración deste decreto un proceso de gran complexidade. Ademais, tanto a lei como os reais decretos estatais deixan pouca marxe á regulación autonómica, polo que é preciso axustar ben a redacción do texto ao establecido polo Ministerio.

Reforzo da relación coas empresas

Rueda destacou que entre as principais novidades do decreto prevese a creación dunha "figura semellante á do profesor asociado" para a FP, un profesional que poderá impartir clase nos módulos de FP para reforzar a conexión entre a empresa e o mundo educativo, como o que xa existe na universidade. Trátase de persoal experto asociado que conte cun recoñecido prestixio profesional ou presten os seus servizos en empresas e entidades de importancia significativa para os sectores produtivos galegos e que tamén apoiem accións de investigación e innovación. Impartirán ofertas de másteres de FP e de alta especialización.

Ademais, establécese a posibilidade de que os centros realicen a proposta de contratar profesionais expertos do sector produtivo para determinadas circunstancias, así como de incorporar aos centros persoas expertas sénior procedentes de empresas, próximas á xubilación ou en situación de prexubilación.

O reforzo da colaboración coas empresas tamén se desenvolverá incrementando o seu vínculo cos centros, con plans de potenciación de actuacións conxuntas de innovación e investigación, difusión e acreditación da experiencia.

Tamén regúlase a formación en empresa para a adaptala ás novas circunstancias da normativa estatal de xeito flexible e favorecendo a súa remuneración, nun modelo máis similar ao da FP dual intensiva.

Ponte coa universidade

O presidente sinalou tamén que o decreto recolle a promoción do recoñecemento mutuo de créditos entre a Consellería e as universidades galegas, no seu ámbito de competencia, o que terá que ser desenvolvido posteriormente nun procedemento específico.

Cómpre lembrar que o Goberno galego xa facilita o recoñecemento de materias ao alumnado que acceda á universidade desde os ciclos superiores de FP, a través dos acordos asinados coas tres universidades públicas. O obxectivo é que se avance no procedemento inverso, é dicir, en que se recoñezan os créditos dos universitarios que queiran matricularse en ensinanza de FP. Acción competencia do Ministerio que levamos tempo solicitando, sen resposta, e agora queremos desenvolver desde Galicia – no noso ámbito de competencia – para dar máis oportunidades.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Internacionalización e innovación

No que atinxe á internacionalización da FP, Rueda destacou que se establece a posibilidade de deseñar currículos de carácter internacional. Serían títulos que combinarían parte do currículo galego e parte doutro país, de tal forma que tiveran validez en ambos.

No eido da innovación, afóndase na potenciación da investigación e da innovación aplicada destacando o papel do Centro Galego de Innovación da FP Eduardo Barreiros e favorecendo a creación de redes de centros de innovación avanzada.

Orientación e empregabilidade

No marco do Plan FPGal360, o novo decreto potencia a información e a orientación profesional integral, incorporando a intelixencia artificial con ferramentas como OPI Orienta.

Ademais, o texto incorporará as novas vías de FP que a Xunta ten en marcha para promover empregabilidade do alumnado, como os títulos de alta especialización (formación a medida das empresas e dos sectores profesionais) ou as formacións aceleradas, que se comezarán a impartir xa o vindeiro curso.

Complexo proceso

A Consellería de Educación traballa desde xaneiro de 2024 na elaboración deste texto. Para iso, ademais das propostas recibidas na exposición pública, tivéronse en conta, entre outras, as achegas procedentes dos grupos de traballo coa Inspección Educativa, as reunións periódicas coas direccións da Rede de Centros Integrados de Formación Profesional, así como a información recollida nos encontros do Plan Conecta FP.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO DE PROLONGACIÓN DA AUTOVÍA DA COSTA DA MORTE, ENTRE SANTA IRENA, EN VIMIANZO, E A AC-432, CUN INVESTIMENTO DE 36,4M€

- O Goberno galego prevé someter este mes a actualización do proxecto a información pública, para aprobalo en setembro e licitar a obra antes de que remate o ano
- O novo tramo terá unha lonxitude de 5,5 km, ata a intersección coa AC-432, que comunica Vimianzo e Camariñas
- A execución deste novo tramo incluírá a construción de 2 enlaces e a previsión dun terceiro, 3 viadutos, 6 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 6 obras de drenaxe
- O obxectivo da actuación é darlle continuidade ao tramo de autovía da Costa da Morte, que a Xunta puxo en funcionamento en 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e Vimianzo

O Consello da Xunta dá luz verde ao proxecto de prolongación da autovía da Costa da Morte, no treito entre Santa Irena, no concello de Vimianzo, e a estrada AC-432, cun investimento de 36,4M€.

O Goberno galego prevé someter este mes a actualización do proxecto a información pública, co fin de aprobalo definitivamente no vindeiro mes de setembro. Neste sentido, licitarase a obra antes de que remate o ano.

O obxectivo desta prolongación é darlle continuidade ao tramo de autovía da Costa da Morte, que a Xunta puxo en funcionamento no ano 2016, con case 28 quilómetros libres de peaxe que comunican os concellos de Carballo, Coristanco, Cabana de Bergantiños, Zas e o termo municipal de Vimianzo, ata Santa Irena.

Trátase dunha vía que supuxo unha mellora substancial, en tempo e seguridade, para os seus usuarios, pois máis de 6.000 vehículos percorren de media a diario esta autovía.


O novo tramo, de cuxo proxecto se deu conta hoxe no Consello da Xunta, terá unha lonxitude de 5,5 km, ata a intersección coa AC-432, que comunica Vimianzo e Camariñas. Este treito construírase sobre unha traza con parte do movemento de terras xa executado.

A execución deste novo tramo incluírá a construción de 2 enlaces e a previsión dun terceiro, 3 viadutos, 6 pasos superiores, 3 pasos inferiores e 6 obras de drenaxe.

Cabe sinalar como estrutura máis singular do proxecto o viaduto sobre o río Vimianzo, que permitirá o cruzamento do corredor sobre esta contorna, entre os puntos quilométricos 7+005 e 7+249.

O Executivo autonómico segue traballando a prol da vertebración do territorio para acadar unha comunidade mellor comunicada e máis sostible.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRESENTA A MAIOR OFERTA DE FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA DA SÚA HISTORIA COA CONVOCATORIA DE 676 PRAZAS PARA O EXERCICIO 2025-2026

- Rueda salienta que o número de prazas ofertadas na comunidade aumentou “un 77%” na última década
- A nova convocatoria incrementa o número de profesionais en formación en 19 prazas, un 2,9 % máis que o ano pasado
- Entre outras especialidades, esta ampliación permitirá contar con 12 prazas máis de formación MIR (medicina) e 3 prazas máis de formación EIR (enfermaría)
- O presidente destaca que no ámbito da atención primaria, “a Xunta convoca o 100 % das prazas de medicina familiar e comunitaria, 207, e de pediatría, 27”
- Galicia seguirá a incrementar a oferta de prazas vinculadas á saúde mental, con 19 prazas de psiquiatría, 2 de psiquiatría infantil, 16 de psicoloxía clínica e 21 de enfermaría especialista en saúde mental
- O conselleiro de Sanidade salienta que esta medida busca “dar estabilidade aos profesionais, o maior activo” do sistema sanitario

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe de que o Consello “aprobou a maior oferta de formación sanitaria especializada da historia de Galicia” para o exercicio 2025-2026 con “676 prazas”. Tal e como explicou, a nova convocatoria incrementa o número de profesionais en formación “en 19 prazas”, o que supón unha suba do 2,9 %, respecto do pasado ano e “do 77% respecto a hai unha década” cando Galicia ofertaba 381 prazas para formación sanitaria especializada.

Así, entre outras especialidades, esta ampliación permitirá contar con “12 prazas máis de formación MIR (medicina) e 3 prazas máis de formación EIR (enfermaría)”, segundo indicou o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño.

Rueda resaltou que, no que atinxe ao ámbito da atención primaria, “a Xunta convoca o 100 % das prazas de medicina familiar e comunitaria, 207, e de pediatría, 27”. Así, no caso da especialidade de medicina familiar e comunitaria, nas seis últimas convocatorias Galicia ofertou a totalidade das prazas acreditadas polo Ministerio de Sanidade.

Cómpre destacar que o Executivo galego financia integramente a formación de especialistas sanitarios consignando unha partida de 83,5 millóns de euros nos orzamentos de 2025.

A medida permitirá, segundo indicou o conselleiro, “dotar de máis profesionais ao Servizo Galego de Saúde e dar estabilidade o cadro de persoal”, tendo en conta a aposta da Xunta polos profesionais “que son o maior activo” da sanidade pública.

Máis prazas formativas para saúde mental

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na elaboración da oferta anual de prazas de formación sanitaria especializada, a Xunta ten en conta as necesidades asistenciais do sistema sanitario galego e os recursos de que dispón, co obxectivo de planificar o futuro e de ofertar unha formación sanitaria especializada de máxima calidade.

Por este motivo, no exercicio 2025-2026, tal e como salientou o presidente, Galicia seguirá a incrementar a súa oferta nas unidades docentes vinculadas "á saúde mental", ao pasar das 56 prazas da convocatoria 2024-2025, ás 58 prazas da actual (suba do 3,6 %).

En concreto, convócanse 19 prazas de psiquiatría (unha máis que na anterior oferta), 2 prazas de psiquiatría infantil, 16 de psicoloxía clínica (unha máis que na anterior oferta) e 21 de enfermaría especialista en saúde mental.

Reclamacións ao Ministerio de Sanidade

A formación dos profesionais sanitarios constitúe un pilar básico no desenvolvemento do sistema sanitario público galego. Así, e dentro das súas competencias, o Executivo galego segue a realizar un importante esforzo para incrementar a capacidade de formación dos especialistas que serán necesarios para prestar uns servizos sanitarios de calidade.

Por este motivo, Galicia continúa a reclamar ao Ministerio de Sanidade que adopte medidas que melloren o sistema de formación sanitaria especializada.

Sobre este particular, e malia que o Goberno central accedeu este ano finalmente a adoptar as propostas trasladadas pola Xunta de eliminar a nota de corte na elección de prazas, e de recuperar a posibilidade de elección presencial, que demostrou a súa efectividade ao permitir cubrir o 100 % das prazas que se ofertaban en formación especializada, segue a ser preciso que o Executivo estatal adopte novas medidas para mellorar a formación dos especialistas sanitarios.

En concreto, é necesario seguir a mellorar o sistema de selección de prazas para evitar que queden vacantes despois da resolución da convocatoria, por exemplo modificando o sistema de chamamento, de xeito que os aspirantes coñezan con máis exactitude o centro de saúde de destino a que optan.

Así mesmo, debe axilizarse a creación da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias. O obxectivo é evitar que os residentes que desexen especializarse neste ámbito da saúde, non estean obrigados a elixir a especialidade de medicina familiar e comunitaria para acceder aos servizos de urxencias. Xa que logo, é preciso dar celeridade ao acordo acadado pola Comisión Nacional de Recursos Humanos do Sistema Nacional de Saúde.

Por último, e de acordo co auxe da medicina personalizada, Galicia tamén lle demanda ao Goberno central axilizar a creación das especialidades de xenética médica e xenética de laboratorio, aprobada en decembro de 2024, e que incorpore un Rexistro de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

profesionais do Sistema nacional de saúde (SNS), un compromiso adquirido polo Ministerio de Sanidade no ano 2018 e que segue sen levarse a cabo a día de hoxe.

ANEXO PRAZAS FORMACIÓN SANITARIA ESPECIALIZADA GALICIA 2025-2026

Especialidade	Oferta FSE 2025-2026
ALERGOLOXÍA	2
ANÁLISES CLÍNICAS	6
ANATOMÍA PATOLÓXICA	7
ANESTESIOLOXÍA E REANIMACIÓN	20
ANXIOLOXÍA E CIRURXÍA VASCULAR	5
APARELLO DIXESTIVO	10
CARDIOLOXÍA	10
CIRURXÍA CARDIOVASCULAR	1
CIRURXÍA XRAL. E DO A. DIXESTIVO	13
CIRURXÍA ORAL E MAXILOFACIAL	1
CIRURXÍA ORTOPÉDICA E TRAUMATOLOXÍA	15
CIRURXÍA PEDIÁTRICA	1
CIRURXÍA PLÁSTICA ESTÉTICA E REPARADORA	2
CIRURXÍA TORÁCICA	1
DERMATOLOXÍA MÉDICO-CIRÚRXICA	6
ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN	5
FARMACIA HOSPITALARIA	11
XERIATRÍA	4
HEMATOLOXÍA E HEMOTERAPIA	8
INMUNOLOXÍA	1
MEDICINA FÍSICA E REHABILITACIÓN	6
MEDICINA INTENSIVA	9
MEDICINA INTERNA	20
MEDICINA NUCLEAR	2
MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	6
NEFROLOXÍA	5
PNEUMOLOXÍA	8
NEUROCIRURXÍA	3
NEUROFISIOLOXÍA CLÍNICA	3
NEUROLOXÍA	9

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA	10
OFTALMOLOXÍA	10
ONCOLOXÍA MÉDICA	11
ONCOLOXÍA RADIOTERÁPICA	3
OTORRINOLARINGOLOXÍA	8
PEDIATRÍA E ÁREAS ESPECÍFICAS	27
RADIODIAGNÓSTICO	19
RADIOFÍSICA HOSPITALARIA	4
REUMATOLOXÍA	5
UROLOXÍA	8
MEDICINA FAMILIAR E COMUNITARIA	207
ENFERMARÍA FAMILIAR E COMUNITARIA	53
MEDICINA PREVENTIVA	5
MEDICINA DO TRABALLO	6
ENFERMARÍA DO TRABALLO	2
MATRONAS	20
PSIQUIATRÍA	19
PSIQUIATRÍA INFANTIL E DA ADOLESCENCIA	2
PSICOLOXÍA CLÍNICA	16
ENFERMARÍA SAÚDE MENTAL	21
ENFERMARÍA PEDIÁTRICA	16
ENFERMARÍA XERIÁTRICA	4

TOTAL	676
--------------	------------

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA 2025 ACADARÁ AS 3.460 PRAZAS, 2.000 MÁIS DAS INICIALMENTE PREVISTAS

- Asegura que se trata dunha medida “de enorme calado para reducir a temporalidade” na sanidade pública
- A Xunta aplicará con carácter excepcional a taxa adicional de reposición específica prevista na lexislación para favorecer a estabilidade do persoal estatutario
- As prazas distribuiranse en 1.340 de persoal diplomado sanitario, 271 de licenciado sanitario, 1.124 de formación profesional e outras 725 destinadas ao persoal de xestión e servizos
- Entre as especialidades con maior oferta están “enfermería, pediatria, psicoloxía ou medicina de Urgencias”
- O conselleiro de Sanidade resalta que con esta OPE “se dará resposta a curto e medio prazo ás necesidades organizativas” dos centros sanitarios
- O Goberno galego presentará a proposta de oferta de emprego aos sindicatos antes da súa aprobación definitiva polo Consello da Xunta

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que Galicia vai ampliar a oferta pública de emprego do Servizo Galego de Saúde para o ano 2025 “ata as 3.460 prazas”, o que supón “2.000 máis das previstas inicialmente”. Asegura que se trata dunha medida “de enorme calado para reducir a temporalidade” na sanidade pública.

O Consello da Xunta abordou esta mañá o informe da Consellería de Sanidade no que se recolle a relación de prazas previstas na oferta de emprego, que se debaterá agora cos sindicatos representados na Mesa Sectorial de Sanidade, antes da súa aprobación definitiva polo Goberno galego.

Para acadar as 3.460 prazas na convocatoria de 2025, o conselleiro de Sanidade, Antonio Gómez Caamaño, explicou que a Xunta aplicará, con carácter excepcional, “a taxa adicional de reposición específica” que está prevista na lexislación, co fin de reducir a temporalidade do persoal do Servizo Galego de Saúde. “Buscamos dar resposta a curto e medio prazo as necesidades organizativas do sistema sanitario”, indicou.

Dese xeito engadiranse 2.000 novas prazas ás 1.460 que inicialmente estaba previsto incluír na Oferta Pública de Emprego en aplicación da taxa establecida con carácter xeral na normativa básica estatal para a reposición de efectivos nos centros sanitarios. Esa taxa de reposición é do 120 % por ser o do persoal sanitario, un sector prioritario, e pode incrementarse aplicando unha taxa adicional específica, como agora fai a Xunta, con carácter excepcional, facendo posible chegar a unha oferta de 3.460 prazas.

Tal e como explicou o conselleiro, estas 3.460 prazas coas que contará a oferta pública de emprego de 2025 distribuiranse “en 1.340 pertencentes ás categorías de persoal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

diplomado sanitario; 271 para licenciados sanitarios; 1.124 de formación profesional; e outras 725 destinadas ao persoal de xestión e servizos”.

Rueda resaltou que “enfermería, pediatría, psicoloxía clínica ou médico de Urgencias”, están entre as categorías que terán a maior oferta de prazas, ás que se suman as de facultativo especialista en anestesioloxía e reanimación; a de facultativo especialista en aparello dixestivo; facultativo especialista en cardioloxía; técnico en coidados auxiliares en enfermería; técnico superior en laboratorio de diagnóstico clínico; técnico superior en imaxe para o diagnóstico; celador; grupo auxiliar da función administrativa; persoal de servizos xerais; e pinche.

O documento abordado hoxe polo Consello da Xunta xa foi remitido aos sindicatos representados na Mesa Sectorial de Sanidade. Para mañá, martes, está convocada unha nova reunión da Mesa Sectorial na que se abordará e negociará o texto do decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a diversas categorías de persoal estatutario do sistema público de saúde de Galicia para o ano 2025.

Esta nova oferta, composta por 3.460 prazas, engádese ás pendentes de convocar de decretos anteriores, posibilitando a convocatoria de novos procesos selectivos nos que se incluírán un total de 5.550 prazas de persoal estatutario do sistema sanitario público de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 2,3 M€ NA BLINDAXE DOS SISTEMAS E APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

- O Executivo galego dá o visto e praxe á contratación de dúas plataformas de ciberseguridade para incrementar a protección dos datos e dos equipamentos da rede sanitaria pública galega
- Coa plataforma *Internet of Medical Things (IoMT)* incorporárase unha capa adicional de seguridade aos equipamentos electromédicos conectados á internet
- Mediante unha devasa WAF (*Web Application Firewall*) o departamento sanitario da Xunta reforzará a seguridade dos seus portais web, das súas plataformas e de diversas aplicacións móbiles como e-Saúde, Sergas Móbil ou TELEA
- O plan de ciberseguridade da Consellería de Sanidade, iniciado no ano 2023, conta cun orzamento que acada os 9,8 millóns de euros

O Consello da Xunta deu esta mañá o seu visto e praxe á contratación de dúas novas plataformas de ciberseguridade para incrementar a protección dos datos e dos equipamentos conectados á internet que pertencen á Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde. O Executivo destinará unha partida 2.339.888 millóns de euros para garantir o bo funcionamento dos sistemas galegos de información sanitaria.

Inserida dentro do Plan de ciberseguridade presentado polo departamento sanitario da Xunta en 2023, o obxectivo desta licitación é dar cobertura a todo o sistema público de saúde de Galicia. Así, con estes servizos complementaríanse as capacidades dun sistema de seguridade que, o ano pasado, foi certificado con nivel alto dentro do Esquema Nacional de Seguridade (ENS).

A primeira das plataformas, coñecida como *Internet of Medical Things (IoMT)*, permitirá xestionar a seguridade e o control daqueles equipamentos conectados á rede cando teñen a consideración de equipamento electromédico (equipamentos de laboratorio e monitorización, quirófanos intelixentes, sistemas de imaxe interconectados, dispositivos de diagnóstico remoto etc.). Ademais, tamén contribuirá á protección dos equipamentos que xestionan as infraestruturas e as instalacións sanitarias (sensores de edificios, aire acondicionado, subministración eléctrica, neveiras etc.). Para este labor, a Xunta destinará unha partida de 1.704.890 millóns de euros á protección do seu equipamento en liña.

Xunto co anterior, o Goberno galego tamén consigna 634.998 euros para reforzar a protección do conxunto de sistemas da información que a Consellería de Sanidade pon á disposición da cidadanía, os profesionais, as empresas e os provedores. Neste caso, unha devasa WAF (*Web Application Firewall*), permitirá consolidar a seguridade dos portais web da sanidade pública galega, das súas plataformas e das súas aplicacións móbiles (e-Saúde, *Sergas Móbil*, TELEA, PHR, web etc.).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Entre as funcións da WAF atópase a de proporcionar unha capa adicional de seguridade que permitirá bloquear determinados ataques externos que poden comprometer a dispoñibilidade mediante o que se coñece como DDoS (ataques de denegación de servizo distribuídos). Este tipo de ataques teñen por finalidade saturar de peticións os servidores existentes na internet provocando a súa indispoñibilidade, ao non poder facer fronte á cantidade de peticións que reciben.

Así mesmo, outra das funcións da WAF é proporcionar medidas que bloqueen os ataques dirixidos á obtención dos datos persoais dos pacientes aproveitando posibles vulnerabilidades dos servizos ofertados á través da internet (como poden ser posibles exposicións involuntarias de código e outros fallos nas infraestruturas internas destes servizos).

O sistema sanitario público de Galicia constitúe un alicerce fundamental no benestar da súa poboación, sendo un dos seus sinais de identidade e un referente a nivel nacional e internacional. Hoxe en día, as tecnoloxías da información e da comunicación son un elemento central no ámbito da asistencia sanitaria, ao posibilitaren o acceso á historia clínica electrónica dos pacientes por parte dos profesionais, o emprego do sistema e-receita ou o acceso á información clínica por parte da cidadanía, a través da aplicación Sergas Móbil.

Por este motivo, e malia que a seguridade absoluta non existe no eido da informática, identificar as potenciais ameazas e a súa posible evolución, así como coñecer a capacidade reacción ante elas é un requisito indispensable para minimizar os riscos diante dun posible ataque.

Neste sentido e segundo o Centro Criptolóxico Nacional (CCN), o sector saúde resulta especialmente atractivo para os ciberataques debido ao valor que posúen os datos persoais e clínicos dos pacientes. Así, nos últimos anos diferentes hospitais nacionais e internacionais foron vítimas de ataques informáticos que dificultaron o seu correcto funcionamento.

A contratación destas dúas plataformas conta con financiamento europeo vinculado ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia para a transformación dixital da atención primaria e comunitaria. Enmárcase dentro do Plan de transformación e saúde dixital 2023-2026 e do Plan de ciberseguridade da Consellería de Sanidade, cuxo orzamento total acada os 9,8 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AS NOVAS AXUDAS PARA A CONSERVACIÓN DA CONTORNA PAISAXÍSTICA E LOITA CONTRA A EROSIÓN NA RIBEIRA SACRA BENEFICIARÁN CASE 800 VITICULTORES E PERMITIRÁN ACTUAR EN 810 HECTÁREAS DE VIÑEDO

- O Consello do Goberno galego avaliou hoxe un informe sobre a resolución destas axudas que xestiona a Consellería do Medio Rural
- As achegas están destinadas ás persoas viticultoras inscritas na denominación de orixe (DO) Ribeira Sacra que colaboran, co seu cultivo, na conservación da contorna paisaxística e a loita contra a erosión nos viñedos desta zona
- En total concedéronse axudas para 7.066 parcelas localizadas en 16 concellos, do total de 20 municipios nos que se sitúa a DO Ribeira Sacra para a produción de viño, localizándose case o 50 % da superficie das axudas nos municipios lucenses de Sober, Quiroga e Pantón
- Esta actuación integrouse nun paquete de medidas da Xunta para axudar os viticultores da DO diante das dificultades polos excedentes de viño tinto, xunto coa destilación de crise, a divulgación e formación sobre o ecorrexime da PAC de cultivos leñosos en terreos con pendente ou as subvencións para a recollida de uva

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a resolución das axudas da Consellería do Medio Rural para a conservación da contorna paisaxística e loita contra a erosión na Ribeira Sacra, convocadas por primeira vez a finais do pasado ano. Neste sentido, destínanse 1,32 millóns de euros de fondos propios para os 794 expedientes aprobados, que permitirán actuar nunha superficie total de 810 hectáreas amparadas pola denominación de orixe (DO) Ribeira Sacra. A publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para mañá.

Así, cómpre sinalar que, debido á orografía do terreo, o cultivo do viñado faise en socalcos con muras de pedra e que estes son sistemas produtivos moi eficientes que determinan o mantemento dunha cultura agraria propia, que axuda a evitar unha erosión incontrolada. Polo tanto, tense en conta que o cultivo da vide contribúe de forma moi significativa á singularidade paisaxística desta zona e que o sector vitivinícola é un motor económico fundamental para o territorio da Ribeira Sacra, unha área que ademais ten un atractivo turístico en crecemento, favorecido pola súa candidatura a patrimonio da humanidade pola Unesco.

Por iso, os beneficiarios destas axudas son persoas viticultoras no ámbito da DO Ribeira Sacra que estean inscritas como tales nos rexistros do Consello Regulador. A contía individualizada da axuda para cada beneficiario é de como máximo 2.000 euros por hectárea para sistema de cultivo tipo 1, e de 1.000 €/ha para o sistema de tipo 2. Neste sentido, o tipo 1 refírese o cultivo de vide en socalco de pedra onde o traballo se realiza de forma non mecanizada, mentres que o tipo 2 é o de cultivo de vide sen socalcos ou mediante traballo mecanizado.

En total concedéronse axudas para 7.066 parcelas localizadas en 16 concellos, do total de 20 municipios en que se sitúa a DO Ribeira Sacra para a produción de viño. Cómpre

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

salientar que case o 50 % da superficie das axudas concedidas localízase nos concellos lucenses de Sober, Quiroga e Pantón, cun total de 404 hectáreas de superficie e 3.537 parcelas.

Paquete de medidas a prol da Ribeira Sacra

Estas subvencións formaron parte do paquete de medidas anunciadas en setembro pasado pola Xunta para axudar os viticultores desta zona diante das dificultades causadas polos excedentes de viño tinto. Así, consideráronse outras accións, como as axudas para a destilación de crise, unha maior divulgación e formación sobre as oportunidades do ecorrexime da PAC de cultivos leñosos en terreos con pendente ou ampliar as campañas de promoción e subvencións para facilitar a recollida de uva.

Dentro do devandito paquete, esta medida en concreto ten un carácter innovador e responde ás especiais condicións de produción dos viños desta zona, que contribúe a manter unha paisaxe única, así como a loitar contra a erosión nestas terras do interior das provincias Lugo e Ourense, nos vales dos ríos Miño e Sil.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 2,1 M€ A 56 EMPRESAS BENEFICIARIAS PARA APOIAR PROXECTOS EN ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS

- O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre a resolución da convocatoria de 2025 destas achegas, que vai permitir consolidar 552 postos de traballo e crear 56 novos empregos
- A Coruña é a provincia que acumula un maior número de beneficiarios, con 23 proxectos e un investimento de 937.000 euros
- As axudas financiarán proxectos destinados á adquisición de bens de equipamento, nunha decidida aposta pola ampliación e modernización do sector produtivo no medio rural
- O Goberno autonómico destinou máis de 20,6 millóns de euros desde o ano 2016 neste concepto, o que contribuíu á consolidación de 3.846 empregos e á creación de 456 novos postos de traballo

A Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, destina 2,1 millóns de euros a 56 empresas beneficiarias para financiar proxectos de investimento en actividades non agrícolas, o que suporá a mobilización duns 4,7 millóns de euros na nosa comunidade. Así o recolle un informe avaliado hoxe polo Consello da Xunta en que se recolle a resolución destas achegas, cuxa publicación no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para mañá, día 10 de xuño.

A convocatoria de 2025 destas axudas esgotou a totalidade do crédito dispoñible, polo que vai permitir consolidar 552 postos de traballo e crear 56 novos empregos. Dos 56 proxectos beneficiados, 20 desenvólvense no sector da transformación e comercialización de produtos agroalimentarios, cunha axuda pública de máis de 479.300 euros.

A Coruña é a provincia que acumula un maior número de empresas beneficiarias, con 23 proxectos e unha axuda de 937.000 euros seguida de Ourense; con 12 iniciativas e subvencións cun importe de 371.700 euros; Pontevedra, con 11 proxectos beneficiados por 476.800 euros; e Lugo, con 10 empresas e unha axuda de 314.400 euros.

Estas achegas teñen como obxectivo financiar proxectos destinados á adquisición de bens de equipamento inherentes á actividade empresarial que están desenvolvendo as empresas existentes, nunha decidida aposta do Goberno autonómico pola ampliación e modernización do sector produtivo no medio rural. Deste xeito, contribúese a xerar as condicións necesarias para crear e consolidar emprego nestas contornas, favorecendo ao mesmo tempo a fixación de poboación.

Máis de 20,6 millóns de euros desde 2016

O Goberno autonómico destinou máis de 20,6 millóns de euros desde o ano 2016 para proxectos de investimento en actividades non agrícolas no medio rural, tendo en conta a convocatoria de 2025. Así, estas achegas permitiron beneficiar 456 empresas, contribuíron a crear 456 novos postos de traballo e a consolidar 3.846 empregos.